



Visita ao Courel

“O Val de Visuña e Selmo. A Devesa da Rogueira”

24 e 25 de agosto de 2019

PROGRAMA

Sábado 24

9h. **Partida.** O punto de encontro será Ponteareas; saída 294 da A52.

11,30h. **Visita guiada. A recuperación patrimonial de Vieiros**

Unha iniciativa que ama o territorio. A nova Asociación de Veciñanza do lugar de Vieiros impulsou nos últimos anos a recuperación do patrimonio material e inmaterial tal coma os muíños, o Campo de Bilros, o mantemento dos soutos ou as festas patronais do 25 de xullo. Un traballo que comeza no 2011 e hoxe percíbense os novos froitos..

12,30h **Ruta “O Val de Visuña e Selmo. A Paisaxe”**

Ruta linear. 7Km

Dificultade. Moderada

Altitude. 8150m-1100m

Nun val fermoso, abrupto e descoñecido do Courel, salientan as calías brancas, os soutos de castiñeiros en pendente, os bosques de ribeira nas depresións e cavorcos, os aciñeirais, o lugar de Hórreos, as formacións montañosas do leste do Courel....
Para non perdermos..

18,30h **Hospedaxe**

21,30h **Cea**

Domingo 25

9,30h **Ruta “A Devesa da Rogueira. O Bosque”**

Ruta linear. 9Km

Dificultade. Moderada-alta

Altitude. 650m-1430m

O apoxeo. A plenitude do medio diante de nós. Representante dos antigos bosques das montañas galegas.
É difícil caracterizala. Mellor é vivila, atravesala, formar parte dela durante unhas horas. As imaxes do bosque da Rogueira non se esquecen.
Carballos atlánticos, capudres, carballos albares, soutos de castiñeiros, aciñeirais, faias e faias, teixos, pradairos, bidueiros, pradeiras interminábeis de arandeiras, bosques de acivros, a chaveira, as seixebras,...

16,30h **Partida**